

# COVID-19

# ENFERMIDADE PROFESIONAL SEN RESTRICIÓN

O R/D Lei 3/2021, do 2 de febreiro, do goberno do PSOE e Podemos, recolle medidas relativas á seguridade social e á prestación para as/os profesionais dos centros sanitarios e sociosanitarios que no exercicio da súa profesión contraeran o virus SARS-CoV-2.

**Desde as federacións da CIG de administración, saúde, servizos, industria e FGAMT, queremos denunciar as medidas recollidas no devandito R/D por que exclúen da súa aplicación ao persoal que traballa na sanidade e no sector sociosanitario que foi privatizado, así como ao persoal que traballa no sector das ambulancias, ou ao persoal que presta servizos públicos a través de empresas privadas, nomeadamente no sector dos coidados.**

Queremos lembrar, que este persoal tamén traballa no sistema público, só que a súa relación laboral é coas empresas privadas; empresas ás que a Administración lles concede o beneficio de facer negocio coas nosa saúde, e os seus coidados

Esta discriminación que fai o goberno do estado é impropio dun goberno que se denomina a si mesmo de “progreso”, xogando coa saúde das/os traballadoras, aplicando unha norma clasista, xa que o virus non ataca por vínculo laboral.

Por outra banda, preocupápanos a redacción do R/D Lei e a súa aplicación

**O texto do R/D Lei di:**

--/--

2 Os servizos de prevención de riscos laborais deberán emitir o correspondente informe no que se faga constar que, no exercicio da súa profesión estivo exposta/o ao virus SARS-CoV-2.

3. Unha vez acreditado o contaxio do virus no ámbito da súa profesión.

**Para a CIG esta norma necesita dun desenvolvemento claro e conciso, para evitar que a súa aplicación sexa restritiva ou discriminatoria.**

Tampouco coñecemos cales son as instrucións que a Administración vai enviar ao servizos de prevención de riscos laborais para a realización destes informes.

**Desde a CIG imos facer unha campaña de denuncia e mobilización para conseguir que, haxa unha intención clara de recoñecer como enfermidade profesional o contaxio da COVID-19 a todo o persoal que traballe nos centros sanitarios, sociosanitarios, ambulancias e do sector dos coidados, con independencia do seu vínculo laboral.**

Se as administracións públicas no queren ao persoal das empresas privadas, teñen a solución na súa man: eliminen as privatizacións e subroguen ao persoal dos servizos concesionados.

**COVID-19 ENFERMIDADE PROFESIONAL PARA TODAS/OS  
A ENFERMIDADE PROFESIONAL NON ENTENDE DE CATEGORÍAS OU CONTRATOS**

